



# CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega · nº2 · 2019









# CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega

## EDITA



Betanzos  
ISSN 2603-9583

## COORDINA

Ángel Arcay Barral

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

## COLABORACIONS

Ángel Arcay Barral

Adrián Brandariz López

Laura Camino Plaza

Sara Fraga Pérez

Adrián Feijoo Sánchez

Catuxa Gómez Teijo

Juan Antonio Rodríguez Arnao

Jose A. Souto Santé

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

## COMITE CIENTIFICO

Pilar Cagiao Vila (Universidade de Santiago de Compostela))

Carlota González Míguez (Asociación de Amigos del Parque del Pasatiempo)

David Martín López (U. Granada)

Ernesto Vázquez-Rey (U. da Coruña)

José Manuel Rey Bao (IES Francisco Aguiar)

Julián Ferrer García (IES Francisco Aguiar)

Patrizia Granziera Ceotto (Universidad Autónoma del Estado de Morelos)

Paz Moreno Felú (Universidad Nacional de Educación a Distancia)

Uxía Cagiao Teijo (IES Francisco Aguiar)

Xosé Luís Mosquera Camba (IES Francisco Aguiar)

## COMITE TECNICO

Lucía Díaz Vilariño

Yosune Duo Suárez

Noelia Fraga Pérez

Diana Sobrado

## DESEÑO E ILUSTRACIONS

Yosune Duo Suárez

(Ilustración de portada baseada en Camilo Díaz Baliño, ilustración do templete do Parque do Pasatiempo baseada nunha imaxe de Jose Souto Santé)

Diana Sobrado

Jose Souto San

Mar Vieites

(A partir dunha imaxe de Jose Souto santé: escudo de Betanzos da seguinte páxina tomado do cartel das festas de Betanzos do 1934 obra de Camilo Díaz Baliño e filigrana do índice sacada dos mosaicos de azulexos da Casa dos Espellos)

## PERIODICIDADE CALL FOR PAPERS

Casa dos Espellos é unha revista anual que recibe os seus artigos antes do 31 de outubro

## CONTACTO




[casadosespellos.gal](http://casadosespellos.gal)



[facebook.com/casadosespellos/](https://facebook.com/casadosespellos/)



[casadosespellos@gmail.com](mailto:casadosespellos@gmail.com)



[A outra metade do Pasatempo: Reconstrución gráfica do recinto inferior.  
Hipótese da recuperación da casaña dos espellos](#)

pax 8-15

Ricardo Varela Fernández

[Estatua de Mercurio do Parque do Pasatempo: Unha postal de Pedro Ferrer](#)

pax 16-23

Laura Camino Plaza

[Materiais empregados na construción do Pasatempo](#)

pax 24-51

Jose A. Souto Santé

[Placas en honor de los Hermanos García Naveira y sus obras](#)

pax 52-67

Juan Antonio Rodríguez Arnao

[Xardíns temáticos ou arte interactiva? O Parco Museo Jalari e o Parque do Pasatempo](#)

pax 68-87

Sara Fraga Pérez

[A arte no Pasatempo de Betanzos \(II\):](#)

[Entre as súas pezas e os catálogos franceses de fundición artística](#)

pax 88-115

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

[Tradición e modernismo en Sada.](#)

[Visual do patrimonio arquitectónico local conservado na actualidade](#)

pax 116-131

Adrián Brandariz López

[Laboratorio de formas: O Parque do Pasatempo no arquivo persoal de Isaac Díaz Pardo](#)

pax 132-151

Ángel Arcay Barral

[Fontes documentais arredor dos García Naveira \(II\):](#)

[A chegada da estrada ao Parque do Pasatempo](#)

pax 152-181

Ángel Arcay Barral e Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

[A emigración no cine de Chano Piñeiro: Mamasunción \(1985\) e Sempre Xonxa \(1989\)](#)

pax 182-203

Adrián Feijoo Sánchez

[O Parque do Pasatempo como recurso educativo: Unha proposta interdisciplinar](#)



pax 204-215

Catuxa Gómez Teijo













A ESTATUA DE MERCURIO  
DO PARQUE DO PASATEMPO:

UNHA POSTAL DE PEDRO FERRER



## Laura Camino Plaza

Investigadora predoutoral contratada da USC

**Ilustracións: Diana Sobrado**

### Resumo

A Estatua de Mercurio foi un elemento escultórico da parte baixa do Parque do Pasatempo de Betanzos. Actualmente, só a podemos contemplar nas fotografías e postais antigas, pois non queda rastro físico dela. Neste artigo reproducécese un documento máis que testemuña a existencia desta obra de arte, asinado polo fotógrafo Pedro Ferrer e depositado no Arquivo da Emigración Galega de Santiago de Compostela.

**Palabras chave:** Estatua de Mercurio, Estatua do Comercio, escultura, simboloxía, Parque do Pasatempo.

### Abstract

The Statue of Mercury was a sculptural element of the low part of Parque do Pasatempo in Betanzos. Nowadays, there is not more trace of it than in old photographs and postcards. In this article, it will be reproduced a new document that shows this piece of art, signed by photographer Pedro Ferrer and hosted by Arquivo da Emigración Galega in Santiago de Compostela

**Keywords:** Statue of Mercury, Statue of Commerce, sculpture, symbology, Parque do Pasatempo.

### Pedro Ferrer e o Parque do Pasatempo no Arquivo da Emigración Galega (AEG)

Ao inxente e valioso labor de catalogación levado a cabo por María Ana Baldani (2015), quen recolle multitude de fondos e coleccións tanto de Arxentina como de España, onde se conserva de maneira máis ou menos profusa a obra do fotógrafo coruñés Pedro Ferrer Sans, poderíase engadir a documentación que del tamén custodia o Arquivo da Emigración Galega (AEG) do Consello da Cultura Galega (CCG), con sede en Santiago de Compostela. O AEG fundouse en 1992 e foise consolidando co paso do tempo como centro de documentación de fondos orais, persoais e documentos

e investigación. Dispón dun extenso fondo bibliográfico, estatístico e audiovisual, así como de fondos orais, persoais e documentos de organismos públicos e asociacións que nos axudan a estudar a historia da emigración galega de maneira diacrónica e desde diversos prismas e rexistros<sup>1</sup>.

Dun total de 82 documentos, entre fotografías e postais, que sobre o Parque do Pasatempo se poden consultar in situ na sala do AEG, dúas postais levan o selo de Ferrer : a R°507 e a R°516. Co permiso do AEG, aquí se reproducirá a segunda delas, que testemuña a presenza da Estatua de Mercurio, hoxe perdida, no Parque.





## A Estatua de Mercurio: características, interrogantes e importancia da obra



(Fig. 1) *Postal da Estatua de Mercurio.*

Esta estatua, tamén denominada «Estatua do Comercio» por ser o deus romano representado o patrón desa actividade, estaría supostamente feita en bronce e tería estado situada na parte baixa do Parque do Pasatempo (Cabano *et alii*, 1992: 39).

Pola calidade doutras imaxes que se conservan da mesma estatua<sup>4</sup>, non se pode apreciar de maneira tan clara como en R°516 que o material escollido para a súa elaboración foi, se non bronce, si algún tipo de metal<sup>5</sup>. Por outra banda, esta postal permítenos observar con seguridade que a estatua estaba elevada sobre un alto pedestal, nunha praciña con bancos para o descanso<sup>6</sup> e rodeada de frondosa vexetación. O invernadoiro da parte baixa do Parque do Pasatempo, hoxe tamén desaparecido, aparece situado ás costas da estatua. Aquel outro elemento do Parque tería sido bastante amplo, cunha estrutura de vidro e armadura de

<sup>1</sup> Véxase García e García (2011). Tamén *Cagiao* (2000).

<sup>2</sup> Véxase Vázquez-Rey (2018) para contrastar con outros arquivos gráficos existentes sobre o Parque do Pasatempo da mesma autoría.

<sup>3</sup> Sinatura: R°516, Fondo fotográfico do Arquivo da Emigración Galega. Consello da Cultura Galega.

<sup>4</sup> Así, por exemplo, *Cabano et alii* (1986: 117).

<sup>5</sup> Sobre a importancia do Val d'Osne, fábrica francesa de fundición artística en ferro, e dos seus deseños no Parque do Pasatempo, véxase Teijeiro (2018).

<sup>6</sup> Aprecíase que o banco do fondo da imaxe está pintado, emulando o que parece unha bandeira. Concorda co testemuño, próximo á época de esplendor do Parque a inicios do século XX, de Daniel Martínez Ferrando: "Cada bando del jardín [estaba dedicado] a un país y pintado con su bandera: Francia, Egipto, Italia, etc. etc." (Ferrando, 1923: 115, citado en Cabano *et alii*, 1992: 39).





(Fig.2) *Esculturas sobre pedestais altos.*

Blog do Parque do Pasatempo: <http://parquepasatiempo.blogspot.com/>





## A Estatua de Mercurio do Parque do Pasatempo: Unha postal de Pedro Ferrer | Laura Camino Plaza

ferro, e concibido «como un pabellón ao xeito dos invernadeiros de Museo de Historia Natural de París (1833, por Rohault de Fleury) aos que imitaba, mesmo no seu paso superior para poder contempla-las plantas, flores e árbores» (Cabano et alii, 1992: 36-37).

Así mesmo, en R°516 pódese apreciar que a Estatua de Mercurio portaba as insignias características daquela divindade, a excepción das sandalias aladas, pois semella ir descalzo. Leva, sen embargo, o caduceo, unha vara con dúas serpes enroladas, símbolo da súas funcións como mensaxeiro dos deuses. Tamén ten o pétaso, ou sombreiro alado, outro dos seus atributos. Dado que Mercurio é ademais protector dos camiños e dos viaxeiros, parece plausible que a súa localización nunha praza que é unha encrucillada (véxase a fig. 2) non fose casual.

Sobre a importancia desta estatua dentro do contexto histórico-cultural no que se constrúe o Parque, e en relación co significado dos elementos simbólicos que ostentaba, Crespí (2002: 431) xa afirmou o seguinte:

*Siendo la figura de Mercurio la divinidad protectora del gremio profesional en que los hermanos hicieron su fortuna, no debería resultar sospechoso de ocultismo el hecho de que ellos adoptaran este símbolo como emblema personal ya que, por otro lado, era frecuentemente*

*utilizado dentro del sector del comercio internacional (...) Coincide que el significado simbólico del caduceo concuerda perfectamente con el anhelo conciliador y de superación personal y con la sociedad fraternal formada por los dos hermanos. El bastón expresa el poder; las dos serpientes, la sabiduría; las alas, la diligencia; el yelmo, los pensamientos elevados. La composición de estos elementos expresa la simetría bilateral, la idea del equilibrio activo, de las fuerzas adversarias que se compensan y dan lugar a una forma superior.*

Porén, é ben sabido que os diversos elementos do Parque adoitan manter un diálogo entre si. Por ese mesmo motivo, non debería sorprender que o caduceo e o pétaso alado de Mercurio non aparecesen unicamente nesta obra, senón tamén na base da emblemática estatua dos irmáns García Naveira, a cal, tras ser movida da súa localización orixinal dentro do propio Parque, actualmente preside a que é a praza neurálxica de Betanzos<sup>7</sup> (fig. 3). A inclusión destes símbolos ao pé da figuración dos irmáns recalca a súa valía como comerciantes, referendada na parte posterior do monumento pola inscrición Copiador que aparece no lombo dun libro e que fai referencia, así, ao libro «onde se copiaban tódalas cartas que os comerciantes escribían sobreo seu tráfico, así como os despachos telegráficos que expedían» (Cabano et alii, 1992: 29).

---

<sup>7</sup> Antiga praza do Campo, denominada desde 1983 praza Irmáns García Naveira, cando por decisión do Concello de Betanzos se trasladou alí a estatua. Na súa situación orixinal, o monumento aos irmáns estaba en diálogo coa Estatua da Caridade e o Asilo (Cabano et alii, 1992: 34-36). Co seu traslado, rompeuse o contido alegórico do conxunto. O caduceo aparece, tamén, na parte central da Fonte da Agricultura do Parque.









**A Estatua de Mercurio do Parque do Pasatempo: Unha postal de Pedro Ferrer | Laura Camino Plaza**

Á luz dos datos expostos, semella que a pegada do deus Mercurio no Parque non era, para nada, menor, síntoma da estima que lle terían profesado os filántropos betanceiros



(Fig.3) *Base da estatua dos irmáns García Naveira.*  
Blog do Parque do Pasatempo: <http://parquepasatiempo.blogspot.com/>



(Fig. 4) *Libro Copiador e aperta fraterna.*  
Blog do Parque do Pasatempo: <http://parquepasatiempo.blogspot.com/>



## BIBLIOGRAFÍA

BALDANI CÁMARA, M<sup>a</sup> Ana (2015). *Catalogación de la obra fotográfica de Pedro Ferrer*. Propuesta de creación de un archivo virtual unificado (tese de doutoramento), Barcelona, Universitat de Barcelona.

CABANO VÁZQUEZ, Ignacio; PATO IGLESIAS, M<sup>a</sup> Luz; e SOUSA JIMÉNEZ, José (1986). «*El Pasatiempo (I): Un país de Oriente*». En Anuario Brigantino, nº 9. Concello de Betanzos, pp. 97-118.

CABANO VÁZQUEZ, Ignacio; PATO IGLESIAS, M<sup>a</sup> Luz; e SOUSA JIMÉNEZ, José (1992). «*El Pasatiempo*». *O capricho dun indiano*. Sada, Edicións do Castro.

CAGIAO VILA, Pilar (2000): «*Arquivo da emigración galega, estado da cuestión e proxectos de futuro*». En KREMER, Dieter. Un século de estudos galegos, Galicia fóra de Galicia: actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos. Sada, Edicións do Castro, pp. 657-665.

CRESPÍ RODRÍGUEZ, José (2002). «*El Pasatiempo: un modelo utópico de ordenación*». En Anuario Brigantino, nº25. Concello de Betanzos, pp. 401-436.

FERRANDO MARTÍNEZ, Daniel (1923). *A través de Galicia (ciudades y paisajes)*. Barcelona, Editorial Cervantes.

GARCÍA BORRAZÁS, Carolina e GARCÍA DOMÍNGUEZ, M<sup>a</sup> Teresa (2011): «*El Arquivo da Emigración Galega: centro referencial para el análisis de los movimientos migratorios en Galicia*». En LIÑARES GIRAUT, X. Amancio, La memoria de la emigración. Fuentes históricas, centros y archivos para el estudio de los flujos migratorios españoles. Vigo, Grupo España Exterior.

TEIJEIRO MOSQUERA, Daniel Lucas (2018). «*A Arte no Pasatempo de Betanzos. Un templete de catálogo*». En Casa dos Espellos. Revista poliédrica da cultura galega, nº1. Concello de Betanzos, pp. 54-73.

VÁZQUEZ-REY FARTO, Ernesto (2018). «*O Parque do Pasatempo no arquivo gráfico do Museo de Pontevedra*». En Casa dos Espellos. Revista poliédrica da cultura galega, nº1. Concello de Betanzos, pp. 74-83.





# NORMAS DE PUBLICACIÓN

## TEMA

Casa dos Espellos: Revista poliédrica da cultura galega é unha revista anual de Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Antropoloxía e Literatura, podendo admitir outras temáticas segundo o criterio do seu Comité Científico.

## TRABALLOS

Publicaranse traballos orixinais e inéditos, podendo reeditar traballos que contén cun interese especial para a nosa temática. Non se aceptarán para a súa valoración traballos que foran publicados noutros medios ou estean en proceso de ser aceptados para outra publicación.

## PRESENTACIÓN

Os traballos serán presentados por correo electrónico dentro do proceso de recepción de orixinais.

## IDIOMAS

Os idiomas dos traballos poderán ser: galego, castelán, portugués e inglés.

## FORMATO

A extensión máxima será de 10 follas sen ter en conta as imaxes. Entregarase unha copia formato Word ou Open Office, cunha letra Times New Roman a tamaño 12 e cun interlineado de 1,5. As notas ao pé terán un tamaño 10 e interlineado sinxelo. O sistema de citas será o Estilo Harvard, presentando as referencias completas ao final do texto.

O inicio do traballo debe contar cun título, un breve resúmen e cinco palabras clave que definan o traballo, no idioma do texto e a súa respectiva tradución ao inglés.

Noutro documento a parte, deberán aparecer os datos do autor: nome completo, correo electrónico, filiación profesional e unha breve descripción biográfica acompañada dunha imaxe para ser engadida ao apartado de “Colaboradores” da nosa web.

A Bibliografía aparecerá ao final do texto, ordenada alfabeticamente por autores e dentro de cada autor seguirá unha orde cronolóxica. Exemplos:

- Para libros: APELIDOS, Nome (Ano). Título. Lugar de edición, Editorial.
- Para artigos: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do artigo”. En Título da Revista, número. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.
- Para capítulo: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do capítulo”. En APELIDOS, Nome. Título do libro. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.
- Para notas de prensa: Título da publicación, data, número, páxina. *Título da nota ou da imaxe.*
- Para fotografías: APELIDOS, Nome (Ano). *Título da fotografía.* Medidas. Fondo.
- Para cuadros: APELIDOS, Nome (Ano). *Título da obra.* Material, medidas. Fondo.

## IMAXES

As imaxes empregadas serán de autoría propia, estarán suxeitas a Creative Commons ou virán acompañadas do consentimento do autor para a súa publicación, no caso de ser un terceiro. O formato preferido será TIFF e a resolución mínima esixida será de 300ppp. De non contar ca resolución óptima poden ser desbotadas do artigo.

Non aparecerán no texto, senón que virán adxuntas no correo electrónico, cunha sinalización numérica (Fig. 1, Fig. 2, etc.) no traballo para que o equipo de deseño coñeza a súa disposición.

## DIFUSIÓN

Todos os traballos presentados estarán dispoñibles en plataformas de acceso libre

## DEREITOS

Os autores sempre serán os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica.

## REVISIÓN

Será decisión do Comité Científico consultado, a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos externos á Revista, mediante un sistema de dobre cego, sendo anónimo o proceso tanto para o autor coma para quen o avalíe.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo dun ano, dependendo sempre das necesidades da revista.

Casa dos Espellos contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

## CORRECCIÓN

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.

— O feito de participar na revista, garante a aceptación e o cumprimento destas normas —











